


# LINGUA GALEGA COMUNICACIÓN

## nos inicios da Idade Contemporánea

Consello da Cultura Galega  
Facultade de Ciencias da Comunicación (USC)  
Facultade de Filoloxía (USC)

3-11 de novembro de 2009

SIMPOSIOS  
2009  
ILLG



No mes de setembro do ano 2008 publicouse o libro titulado *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008), que era o resultado dun traballo colectivo iniciado anos atrás co obxectivo de reunir a produción escrita en lingua galega durante as primeiras décadas do século XIX que se deu conservado ata hoxe e que na actualidade se coñece. Desde os inicios da dita investigación pensouse que o volume en que se recollen todos estes textos rexistrados e editados debería acompañarse doutro máis en que se analizase aquela actividade xornalística e literaria desde os campos científicos da historia, das ciencias da comunicación e da filoloxía. Queríase, deste xeito, ofrecer á sociedade galega un produto nacido da colaboración interdisciplinaria que presente datos e conclusións de interese a propósito da historia política, social, cultural, literaria, xornalística e lingüística da Galicia das primeiras décadas do século XIX. Os organizadores do simposio *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea* (Santiago de Compostela, 2009) pretendemos que este encontro sirva para presentar publicamente unha boa parte dos traballos que van conformar o volume de estudos anteriormente mencionado.

Os temas das conferencias proxectadas supoñerán unha aproximación aos textos de *Papés d'emprenta condenada* desde catro grandes puntos de vista. En primeiro lugar, cóntase coa participación dun destacadísimo investigador do ámbito da historia contemporánea de Galicia, que disertará sobre o final do Antigo Réxime na nosa terra e sobre a significación da prensa e a imprenta na Galicia da primeira metade do século XIX. Desde o eido das ciencias da comunicación, falarase sobre os casos das prensa vasca e catalá na época sometida a análise e, seguidamente, estudarase o caso da primeira prensa galega. Do punto de vista da historia literaria, avaliarase a significación dos primeiros pasos da literatura galega moderna e, desde o campo da lingüística, estudaranse os trazos máis salientables do galego escrito da época e analizaranse os vocabularios e outras obras lingüísticas menores que se produciron naquela época.

## PROGRAMA

### 3 de novembro de 2009 (Consello da Cultura Galega)

- 16,30: Sesión de apertura  
17,00: Xosé Ramón Barreiro Fernández: *A cultura impresa en Galicia na primeira metade do século XIX*  
18,15: Pausa  
18,30: Víctor F. Freixanes: *Da sociedade tradicional á sociedade escrita: prensa, literatura oral e literatura escrita na Galicia dos inicios do século XIX*  
19,45-20,30: Debate

### 4 de novembro de 2009 (Consello da Cultura Galega)

- 16,30: Jaume Guillamet: *Cataluña e os inicios da prensa periódica en España. Factores políticos, sociais e territoriais*  
17,45: Pausa  
18,00: Javier Díaz Noci: *O primeiro xornalismo vasco: formas protoxornalísticas e primeiros xornais (1680-1858)*  
19,15-20,15: Debate

### 5 de novembro de 2009 (Facultade de Ciencias da Comunicación da USC)

- 16,30: Xosé Ramón Pousa: *A sociedade galega dos inicios do século XIX como receptora de información*  
17,45: Xosé López / Rosa Aneiros: *Caracterización textual dos modelos discursivos na prensa galega do primeiro terzo do século XIX*  
19,00: Pausa  
19,15: Anxo Tarrío: *A literatura galega anterior ao Rexurdimento*  
20,30-21,00: Debate

### 10 de novembro de 2009 (Facultade de Filoloxía da USC)

- 16,30: Henrique Monteagudo: *O paso do oral ao escrito no galego dos inicios do século XIX*  
17,45: Rosario Álvarez: *A variación no galego escrito dos inicios do século XIX*  
19,00: Pausa  
19,15: Ernesto González Seoane: *Aspectos do léxico dos textos en galego das primeiras décadas do século XIX*  
20,30-21,00: Debate

### 11 de novembro de 2009 (Facultade de Filoloxía da USC)

- 16,30: Carne Hermida: *Análise lingüística da Parola de Cacheiras*  
17,45: Ramón Mariño Paz: *Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño*  
19,00: Pausa  
19,15: Damián Suárez Vázquez: *Vocabularios e outros traballos sobre o galego na época pregaleguista*  
20,30-21,00: Debate  
21,00: Clausura

### Organiza

Instituto da Lingua Galega (USC), Departamento de Ciencias da Comunicación (USC), Consello da Cultura Galega.

### Comité organizador

Ramón Mariño Paz, Rosa Aneiros Díaz, Xosé López García, Ricardo Pichel, Damián Suárez Vázquez.

### Comité científico

Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ramón Villares Paz, Xosé López García, Rosario Álvarez Blanco.

### Destinatarios

Especialistas en historia da lingua galega e en historia do xornalismo en Galicia. Está especialmente aberto aos alumnos do segundo e terceiro ciclo de Filoloxía e de Ciencias da Comunicación, así como a investigadores en formación.

### Organismos financiadores

Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

### Inscrición

A cota, única para todos os asistentes, será de 30 euros, que deberán ser ingresados en concepto de "Cota Simposio ILG 2009", na conta que a USC ten aberta no Banco Santander Central Hispano co número 0049-2584-90-2214002210. O formulario de inscrición (<<http://ilg.usc.es/>>), xunto co xustificante de pagamento, debe ser remitido ao ILG á atención de Ricardo Pichel (noitedume@hotmail.com). O prazo de inscrición remata o 23 de outubro.

### Lugares de realización

Consello da Cultura Galega, Facultade de Ciencias da Comunicación (USC), Salón de Graos da Facultade de Filoloxía (USC).

### Control de asistencia

Sinatura dos alumnos requirida a distintas horas en cada sesión. Entregarase o diploma ás persoas que asistan cando menos ao 70% das sesións.

### Recoñecemento académico

Recoñecido un crédito de libre configuración para as titulacións das facultades de Filoloxía e Ciencias da Comunicación (Cod. 2009/108, Resolución reitoral do 22/05/2009).

### Solicitude e requisitos para a obtención do crédito

A USC concederá **1 crédito de libre configuración** a todos aqueles que posúan o diploma de asistencia ao simposio (30 horas) e estean interesados en solicitalo. Para facelo é preciso cubrir a casa correspondente no formulario de inscrición, que deberá ser enviado antes do 23 de outubro ao enderezo de contacto: noitedume@hotmail.com. Para obter o crédito de libre configuración deberase realizar un pequeno traballo (entre 6 e 10 folios) que será equivalente a 9,5 horas e que debe conter un resumo das conferencias, unha reflexión propia sobre o tema do simposio e unha valoración crítica dos aspectos positivos e negativos das xornadas. Este exercicio deberase entregar a Ramón Mariño Paz (Facultade de Filoloxía, despacho 215) antes do 20 de novembro de 2009. Posteriormente, o responsable académico do simposio remitirá a acta correspondente ao Servizo de Xestión Académica da USC, que será o encargado da acreditación dos alumnos mediante o procedemento que se estableza.

### Enderezo de contacto

Ricardo Pichel  
Simposio *Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*  
Instituto da Lingua Galega  
Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela

[noitedume@hotmail.com](mailto:noitedume@hotmail.com)

### Teléfono

981 56 31 00, extensión 12809 | 11817